

VIGO

La Fundación Sales celebra el solsticio de verano con la tradición del ramo de San Juan

Redacción 1 Día Ago 0 3 Mins



O vindeiro **21 de xuño**, coincidindo co día máis longo do ano e o solsticio de verán no hemisferio norte, a **Fundación Sales** acollerá unha xornada moi especial dedicada á **recuperación da tradición do ramo de San Xoán**, unha práctica ancestral que une natureza, cultura e memoria colectiva.

A actividade, pensada para todos os públicos, busca revivir un costume moi enraizado na cultura galega: a elaboración dos ramos de herbas máxicas que, segundo a tradición, se recollen na noite de San Xoán para purificar, protexer e atraer a boa sorte. Será unha ocasión para recoñecer e identificar plantas tradicionais, como a herba luísa, o fiúncho, a lavanda ou a ruda, e comprender o seu simbolismo grazas á guía da escritora e divulgadora **Soledad García**, autora do libro **Herbario do Solsticio de Verán**.

Neste encontro, as persoas participantes poderán crear o seu propio ramo así como sobre os saberes populares ligados á noite máis máxica do ano. ***"Celebrar o solsticio é reconectar coa natureza e cos ciclos do tempo, co saber das nosas avoas e coa identidade que medra entre plantas e palabras"***, sinala a autora.

A actividade desenvolverase nos xardíns da Fundación Sales o venres 21 de xuño, ás 17:30 h cun ambiente familiar e inclúe o obradoiro para crear o propio ramo e a guía do solsticio da escritora dos paseos de Nigrán, Baiona, Gondomar e Nadal de Vigo. Co fin de organizar con tempo a recollida das plantas necesarias para cada ramo, agrádécese realizar unha **inscrición previa no teléfono 986 240 882 ou no correo electrónico info@salesxardin.com**

Con esta proposta, Soledad García busca valorizar o patrimonio inmaterial e contribuír á transmisión interxeracional do coñecemento popular sobre as plantas e a tradición do ramo de San Xoán.

